

O número de reses leiteiras caíu nun 33 por cento na Galiza desde o ano 2000

O país de apenas medio millón de vacas »12-13

Semanario de intereses galegos

SERMOOS GALIZA

Quinta feira | 20 de outubro de 2016 | 3,50 € | Número 218 | ano V



Médicos del Mundo

Unha sanidade non tan universal

» Editorial e 2-4

EDITORIAL

Un atentado racista
contra a saúde

Unha lexislación abertamente racista rexe no Estado español desde o infausto día en que o Congreso dos Deputados, con maioría absoluta do PP, aprobou o Real Decreto Lei 16/2012 de 20 de abril. A partir dese momento, a sanidade perdeu o seu carácter universal no Estado e fíxoo ao deixar fóra do sistema as persoas máis vulnerábeis, aqueles inmigrantes que se achan en situación de irregularidade administrativa, a inmensa maioría delas á beira da exclusión social.

Nesta materia, como noutras, a dereita aproveitou a coartada da crise para despregar o seu proxecto anti-social, segregacionista e excluín-te. Tanto no Estado español como na UE, o substrato de fondo da ideoloxía conservadora é que a persoa inmigrante é, pola súa propia condición, culpábel e, portanto, ten que pagar as consecuencias. Xa sabemos que no capitalismo globalizado existe liberdade de movementos para o capital, mais non para as persoas. Aos inmigrantes en situación irregular colócaselles o adxectivo de ilegais, como se unha persoa, polo simple feito de non ter sido regularizada por un ente burocrático, puidese estar fóra da lei, isto é, puidese ser criminalizada.

Na reportaxe que publicamos neste *Sermos218*, damos conta de como na Galiza, e por responsabilidade directa da Xunta, nen sequer se está a garantir o acceso á sanidade daquelas persoas inmigrantes que o decreto lei excepcióna, tais como mulleres grávidas, menores de 18 anos ou doentes de enfermidades infecto-contaxiosas. Atrancos burocráticos fan que nen sequer neses casos estea plenamente asegurada a atención sanitaria. Mesmo hai casos extremadamente lacerantes, como o dunha bebé de orixe romanese á que lle foi impedido o acceso á sanidade durante os primeiros catro meses de vida.

Sabemos que os recortes matan e esta frase non é unha metáfora cando do que se trata é da saúde das persoas. Urxe que a sociedade tome conciencia da gravidade deste problema e que as forzas políticas da oposición na Galiza fiscalicen duramente unha administración que está a conculcar un dereito humano fundamental, o dereito á saúde.



EXCLUSIÓN

O apartheid
sanitario na Galiza

As persoas inmigrantes
sofren serias dificultades para
accederen á sanidade

Aínda que a lei contempla casos en que a atención sanitaria debe estar garantida tamén para persoas inmigrantes en situación administrativa irregular –asistencia ao embarazo, parto e postparto, coidados a menores ou tratamentos por enfermidade grave ou accidente–, as trabas impostas polo Sergas dificultan o cumprimento da normativa.

M. OBELLEIRO TEXTO / MÉDICOS DEL MUNDO FOTO

O Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril, modificou de raíz o réxime do dereito á saúde no Estado español e, entre outras consecuencias, anulou as tarxetas sanitarias

das persoas inmigrantes en situación administrativa irregular, agás nos casos de atención de urxencia ou emerxencia por enfermidade grave ou accidente; embarazo,

GALIZA
SERMOS

Edita Sermos Galiza S.A.
CIF A70301510

Enderezo social Avenida de
Lugo, 2A, Entresollado A
15702 - Santiago de
Compostela

Depósito Legal C 995-2012
ISSN 2444-9326

Presidente Xoán Costa
Consello de Administración
Nemesio Barxa, Nicolasa
Castro, Xoán Colazo, Xoán
Costa, Rubén Lois, Manuel

Mera, Francisco Miranda, Xabier P.
Igrexas (secretario), Marga Romero,
Xurxo Souto, Roberto Vilameá
(xerente) e Iria Vilar

Director Xosé Mexuto
Coordinadora María Obelleiro
Redacción e colaboracións
Xesús Manuel Pinheiro, Olalla
Rodil, Rocío Castro, Xabier P.
Igrexas, Cristian López e Xosé
María G. Fandiño

Deseño Pepe Barro
Maquetación Silvia Cancela

VONTADE

Profesionais da sanidade consultadas admiten a *Sermos Galiza* que son insubmisas á lei e atenden pola súa conta inmigrantes sen tarxeta sanitaria.



parto e posparto; persoas menores de 18 anos; persoas autorizadas para estaren no Estado español como solicitantes de protección internacional como vítima de trata de seres humanos e de persoas sospeitosas de padecer unha enfermidade que supoña un risco para a comunidade (programa de vixilancia epidemiolóxica). Porén, as trabas administrativas que impón a Consellaría de Sanidade a través do Sergas, segundo denuncian profesionais e ONG, chegan a impedir con frecuencia a atención sanitaria destes grupos que contempla a lei.

Ana Vázquez, nome suposto, é enfermeira nun centro de saúde da comarca da Mariña. Admite, en declaracións a *Sermos Galiza*, que é insubmisas ao que dita a lei, “as persoas profesionais temos máis sentido común que a norma e somos moitas as que atendemos inmigrantes que carecen de tarxeta”. Explica que, en teoría, deberían facturarlles os servizos, “sempre que non se presente a tarxeta e a persoa non entre dentro dos supostos recollidos pola normativa, hai que lles facturar os servizos con independencia da situación persoal e económica que

teñan”. Para escapar dunha lei que considera “inxusta”, e ao igual que fan outros compañeiros e compañeiras, autocita as persoas doentes, “se a atención require dun seguimento, eu dígolle ao paciente que veña tal día a tal hora e, aínda que non figure na listaxe de citas, vou atendelo igual, aínda sabendo que incorro nunha ilegalidade”.

A insubmisión dos e das

As trabas que impón o Sergas chegan a impedir o acceso á sanidade a grupos aos que a lei lles garante a atención

profesionais da sanidade vólvese máis dificultosa no servizo de urxencias dos hospitais, pois “as persoas doentes son filtradas polos administrativos. Eles recollen os datos e non poden obviar a carencia de número de tarxeta”. Nun centro de saúde é máis doado, di, “bordear a legalidade”. “A norma é moi perversa. Pasamos de prestar unha atención universal e gratuita a facer unha atención

que non é universal e que é gratuita daquela maneira”, denuncia. Para esta enfermeira, a sanidade non debiera ser unha cuestión “na que medien papeis polo medio”.

“Que non toda a xente poida ter acceso á sanidade significa que a calidade da saúde da poboación vai diminuír”, explica Ana. Neste sentido, asegura que “as enfermidades infecciosas acaban repuntando se non hai sanidade gratuita”. “Se unha persoa ten unha tuberculose, vai chegar á consulta cando estea mal de verdade e non poida máis, é dicir, cando xa estivo semanas e semanas convivindo con outras persoas”, engade. A enfermeira pon de manifesto que o nivel socio-económico inflúe negativamente en casos de doenzas infecto-contaxiosas, “a menos nivel, máis probabilidade de padecer estas enfermidades”.

Unha das cuestións que máis callou na opinión pública á hora de aprobar o Goberno do Partido Popular o real decreto lei que puxo couto ao acceso á sanidade foi a do “turismo sanitario”. A profesional do Sergas advirte da “falacia” desta teoría: “Posibelmente exista, pero nunha porcentaxe mínima e non en casos de persoas en risco de exclusión social,

Ás persoas sen tarxeta, o Sergas factúralles a atención con importes que acadan facilmente os mil euros

senón en caso de persoas doutros países da UE ás que se lles facturan os servizos”, afirma. “E no caso en que non se facturaron os servizos médicos foi por desleixo da propia Administración, pero o que fixo o Goberno baseándose nese suposto turismo sanitario foi dificultarlles o acceso ás persoas inmigrantes”, salienta.

Plan do Sergas

Após aprobar o Goberno central o real decreto lei, a Xunta de Galiza puxo en marcha o Programa Galego de Protección Social e da Saúde Pública, un plan que, en principio, xurdira para abrírlle a porta da sanidade a persoas que non teñen acceso polas vías ordinarias. En virtude do programa, poden acceder á sanidade pública, as persoas estranxeiras que estableceron a súa residencia habitual na Galiza e non teñan cobertura sanitaria

de ningún tipo, leven cando menos 183 días empadroadas e non dispoñan de ingresos anuais na Galiza ou no país de orixe superiores ao IPREM, o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, fixado para o 2016 en 532,51 euros ao mes.

Para se beneficiaren do programa, o Sergas esíxelles aos interesados e interesadas o certificado de empadramento; o libro de familia; a denegación de inscrición no rexistro central de estranxeiros; a declaración do IRPF; o certificado de ingresos no país de orixe e un certificado de que non procede a exportación do dereito á asistencia sanitaria. “Algúns destes documentos son de moi difícil acceso por parte de persoas inmigrantes que non teñen capacidade para ir aos seus países para conseguilos”, apunta Rosa Souto (nome suposto), traballadora social doutro centro de saúde da Mariña, quen acrecenta que “isto que recolle o programa do Sergas é a teoría, porque chegan a aducirse todo tipo de escusas para non lles dar a atención sanitaria de balde”.

O Sergas sinala que se unha persoa non pode conseguir a documentación e se o caso o xustifica, debe achegar un informe dunha traballadora social que valore se se dan as circunstancias de inclusión no programa e as circunstancias especiais que motiven a non presentación dalgún dos documentos. “Isto non é certo. Pídenos unhas veces informes e outros non”, critica Rosa, quen advirte de que “nós non temos capacidade para saber se esas persoas teñen ingresos no seu país de orixe ou familiares que lles poidan prestar cartos”.

Vulneración da lei

A traballadora social explica, en conversa con *Sermos Galiza*, que son tantas as casuísticas que, naqueles casos en que a lei garante a atención, as persoas non poden acceder á sanidade pública, “temos constatado como menores e embarazos non poden demostrar que teñen garantido o acceso á sanidade pública polos problemas que se lles poñen a nivel burocrático e acaba facturándoselles a

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

atención". "Imaxina, placas, analíticas... e unha factura de 700 euros ou de mil euros! E a xente morre de medo porque non ten capacidade económica. Despois vén onde as traballadoras social e nós facemos informes que acreditan que esas persoas tiñan dereito á asistencia de balde, segundo dita a lei, por seren menores ou embarazadas", sinala.

A perversión do sistema é tal que ás embarazadas pídeselles unha acreditación dun médico ou médica do Sergas que dea conta de que, en efecto, están grávidas, "como non teñen tarxeta sanitaria non poden aportar a acreditación porque non poden pedir cita co médico. Cada día inventan unha escusa nova para que non teñamos a

Profesionais denuncian falta de información e transparencia para restrinxir aínda máis o acceso de inmigrantes á sanidade

documentación completa".

"Quen traballamos na sanidade pública estamos cansas de lles pedir os médicos e as médicas, de favor, que vexan estas persoas porque non hai posibilidade de citas e administrativamente é inviábel. De feito, estas persoas sempre dependen da vontade dos compañeiros e compañeiras", lamenta Rosa. "E aínda así, ao non estaren non lanus –a ferramenta que recolle o historial clínico- non poden escribir nada no sistema, nin citas para outro día... e non poden ter acceso á medicación. Esta xente fica nun limbo", engade.

Falta de información

Rosa advirte da ocultación de información por parte do Sergas, "os pediatras que temos no centro saben que calquera neno ou nena ten que ser atendida, con independencia da súa situación administrativa, porque así o recolle a lei, pero, ás veces, chegan persoas a substituír que o descoñecen". A mesma falta de información aprézase nos administrativos, agrega. Isto débese, segundo a traballadora social, a que á Consellaría de Sanidade "non lle interesa dar unha información veraz e precisa".



ONG

Entidades sen ánimo de lucro como Médicos do Mundo atenden inmigrantes e axúdaos a recibiren atención na sanidade pública.

ATRANCOS BUROCRÁTICOS

Unha bebé de orixe romanese, sen acceso á sanidade durante 4 meses

A lei garante a asistencia sanitaria das persoas menores

M. O. **TEXTO**
FOTO MÉDICOS DEL MUNDO

A ONG Médicos do Mundo publicou un balanço dos catro anos da aplicación do real decreto lei na Galiza en que dá conta das dificultades que sofren as persoas inmigrantes ás que a normativa lles garante o acceso á sanidade pública. "Temos detectado a través do noso traballo que se solicitan documentos extraordinarios, como o informe de denegación de asistencia sanitaria por parte do INNS para todos os menores con NIE", denuncia a ONG, quen lembra que esa documentación non aparece recollida nin no documento de solicitude nin na instrución que regula o dereito do menor. Aliás, Médicos do Mundo indica que a lexislación non esixe en ningures a necesidade de ter unha valoración

dunha traballadora social como requirimento para que os menores accedan aos servizos de saúde, cando a resolución do 31 de agosto de 2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Saúde recolle esa obriga.

Un dos casos denunciados pola ONG é o dunha bebé de dous meses, de orixe romanese, nada no Estado español. O Sergas tardou catro meses e medio en resolverlle a cobertura sanitaria malia a súa condición de menor. A bebé atopábase nunha situación administrativa irregular por careceren os pais de recursos para obter o pasaporte (o consulado de Romanía no Estado español atópase en Bilbao e é requirida a presenza dos dous proxenitores, co custo que implica). A nena, prematura, tiña dous meses e nai estaba moi preocupada porque non sabía se estaba enferma, xa que, desde que abandonara o hospital, non conseguira que a vira un médico. De feito, á semana de lle daren a alta,

tiña pautada unha revisión polo hospital mais, cando foi, non a atenderon no centro de saúde por non contar co cartón sanitario.

Cando a nai da bebé foi preguntar ao INNS que debía facer para conseguirlle unha consulta á súa filla, comunicáronlle que tiña que ter pasaporte para poder incluír

A lexislación non esixe en ningures ter unha valoración dunha traballadora social para que os menores accedan aos servizos de saúde

a crianza como beneficiaria súa. Unha vez a ONG tivo coñecemento, chamou ao centro de saúde, á traballadora social e á delegación territorial do cartón sanitario e conseguiu que a bebé recibise atención ese mesmo día. A partir de aí,

Médicos do Mundo encetou a solicitude de cobertura como menor de 18 anos e, aproveitando unha itinerancia do consulado a Compostela, a ONG acompañou a nai para tramitar o pasaporte da bebé e para incluíla, así, como beneficiaria da muller. O prezo do pasaporte ascendeu a 100 euros e o transporte da nai (que non recibe ningún tipo de axuda económica) e do pai de Vigo a Santiago, a 20 euros. Unha vez recibido o pasaporte no domicilio, previo pago doutros 20 euros, Médicos do Mundo acompañou a muller á Comisaría de Estranxeiría para rexistrar a bebé e mais á Tesourería da Seguridade Social para lograr a atribución do número da SS á crianza e posterior inclusión como beneficiaria da súa nai.

Casos como os recollidos por Médicos do Mundo no seu informe demostran as dificultades ás que teñen que facerlles fronte mesmo as persoas cuxa atención está garantida por lei.